O roteiro pasa polo lugar chamado "xunto á igrexa" onde están o pazo e a igrexa parroquial de Vilanova, así como o campo da festa, o local social e un cruceiro. As orixes do pazo de Vilanova remóntanse a comezos do século XVII da man de Xoán de Quintana que foi escribán real. Especialmente fermosa é a solaina e a cheminea.

A igrexa parroquial de San Xoán de Vilanova data do século XIII e foi modificada en 1881. Destaca a portada de estilo románico.

A ruta ten unha pequena derivación para chegar ata o carballo de Soutolongo. Esta árbore monumental está preto do muíño de Espinosa e á beira do río Asneiro. Está declarado árbore senlleira de Galicia. Ten máis de douscentos anos e chega aos 25 metros de altura e ten un perímetro de 4,74 metros.



Próxima ao roteiro está a fermosa área recreativa de mouriscade. Nun meandro do río Asneiro está este espazo de lecer que ten un muíño restaurado, mesas e un alpendre con grella.

Na parte final do percorrido atópase un espazo biosaudable no que hai dous muíños totalmente restaurados e en perfecto estado que son o "Muíño da Ponte" e o de Entrerrios.